

A Concellería de Medio Ambiente únese á celebración dos Días Mundiais do Medio Ambiente e dos Océanos 2009

Vigo, 29 de Maio de 2009

Na primeira semana do mes de Xuño teñen lugar dúas citas a nivel internacional, O Día Mundial do Medio Ambiente, que se celebra o 5 de Xuño e o Día Mundial dos Océanos, o 8 de Xuño.

A Concellería de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo únese a estas dúas celebracións ofrecendo a todo aquel que desexa participar unha serie de actividades para aprender un pouco máis sobre o medio ambiente e o medio mariño dun xeito divertido.



VIGO CELEBRA O DMMA09 E O DMO09

Cando?

O sábado 6 de Xuño de 2009, de 11:00 a 19:00 ininterrumpidamente

Onde?

Na Praia de Samil, no seu extremo norte, xunto a praia de Argazada e Cabo do Mar.

CONCELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE,
SANIDADE E CONSUMO



As actividades

1- Roteiro intermareal dende Kayak

Os participantes poderán navegar nun kayak co fin de achegarse á zona da costa rocosa dende o mar e deste xeito observar mais preto a fauna, flora e as características do ecosistema do intermareal rochoso e areoso.



2- Roteiros de snorkel

Neste caso o obxectivo é observar a zona intermareal sumerxida coa axuda das gafas e o tubo. Os participantes poderán mergullarse no océano que baña a costa viguesa e contemplar a gran riqueza e valor medioambiental de noso litoral sumerxido.



3- Obradoiros de educación ambiental e divulgación científica na praia.

No areal organizaranse 5 obradoiros nos que os participantes poderán aprender dun xeito divertido diferentes aspectos do medio ambiente e dos océanos. Aprender xogando e experimentando e a técnica elixida para achegar ao público de todas as idades os misterios e a riqueza do medio ambiente que nos rodea.



O Equipo

Un equipo de 15 profesionais formado por oceanógrafos, instructores de mergullo "Dive Master", especialistas en piragüismo, socorristas e persoal de organización realizarán un minucioso traballo para que os participantes podan disfrutar dunha xornada na praia na que, ademáis de divertirse, descubrirán novos aspectos do medio mariño e do medio ambiente que lles rodea.

Día Mundial do Medio Ambiente 2009 "Unidos contra el Cambio Climático"

O Día Mundial do Medio ambiente (DMMA) foi establecido pola Asemblea Xeral Da ONU en 1972 para marcar a apertura da Conferencia de Estocolmo sobre O Medio Humano.

Conmemórase cada ano o 5 de xuño e é un dos vehículos principais a través do cal Nacións Unidas estimula o coñecemento mundial do medioambiente e aumenta a atención e acción política. A axenda do día é para:

- Dar unha cara humana aos problemas ambientais;
- Motivar á cidadanía a facerse axentes activos do desenvolvemento sostible e equitativo;
- Promover unha comprensión de que as comunidades son cruciais para cambiar actitudes cara aos problemas ambientais.
- Impulsar sociedades que aseguren a todas as nacións e os seus habitantes gozar dun futuro máis seguro e máis próspero.

O lema para DMMA 2009 é "Unidos Contra o Cambio Climático". Reflicte a urxencia para que as nacións concerten un novo tratado na convención crucial do clima que se reúne en Copenhague.



Día Mundial dos Océanos 2009 “Un Océano, Un clima. Un futuro”

O Día do Océano foi creado en 1992 durante o Cume Mundial en Río de Janeiro. Trátase dunha poderosa oportunidade para que os entes locais e a atención mundial tomen conciencia dos efectos que o cambio climático está tendo no océano, o que significa:

- Que o impacto dos océanos esta relacionado coa vida humana,
- Que todos podemos facer cambios simples pero importantes para reducir as nosas emisións de CO₂, deter o cambio climático, e preservar a herdanza do océano aos nosos fillos.
- Que existe a necesidade de facer á poboación máis consciente da importancia dos océanos nas nosas vidas.
- Que un bo primeiro paso é unirse con xente de todo o mundo na celebración de Día Mundial dos Océanos.

